



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

APROBACIÓN INICIAL DA MC 4/2026 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO)

PROPOSTA DA ALCALDÍA DITAMINADA POLA CIACP DO DÍA 20/03/2026

Resultado da votación na CIAP:

6 votos a favor (PP e PsdG-PSOE). 1 abstención (Grupo Mixto)

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos:

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Por Resolución da Alcaldía núm. 118/2026 do 02/03/2026 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2025, da que resultan as seguintes magnitudes e o nivel de endebedamento a 31.12.2025 do Concello de Lousame:

- Superávit orzamentario de **173.369,67 €**
- RLTGX de **480.807,44 €**
- Endebedamento a 31.12.2025: **944.036,95 €**
 - o Con entidades bancarias ou financeiras: 0,00 €
 - o Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2025: 769.226,82 €
 - o Co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023) a 31.12.2025: 174.810,13 €
- Período Medio de Pago a Proveedores a 31.12.2025: **19,39 días**

Segundo: Por Providencia da Alcaldía incóase o procedemento para tramitar a MC 4/2026, modalidade Suplemento de Crédito.

Terceiro: A Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

Fundamentación xurídica:

Primeiro: É necesario dotar o crédito, mediante a tramitación dun suplemento de crédito financiado con RLTGX para a seguinte finalidade: **Cancelación da débeda (como entrega a conta, en tanto non se resolvan os recursos interpostos) coa MCSB a 10/03/2026, que se concreta en:**

Notificación	Mes	Cota ordinaria	Cota complementaria	Cota extraordinaria	Total mensual
19/12/2025	Novembro	1.089,62	29.844,71	Aprobada	30.934,33
19/12/2025	Decembro	1.089,62	29.844,71	Aprobada	30.934,33
03/02/2026	Xaneiro	1.089,62	29.844,71	0,00	30.934,33
Total SC 4/2026					92.802,99

Segundo: As aplicacións orzamentarias nas que se dota o crédito específico para a anterior finalidade, e os gastos para os que se dota o crédito, están especificados na Memoria da Alcaldía que consta no expediente administrativo.

Terceiro: A modificación de crédito **4/2026** será financiada co Remanente de Tesourería para gastos xerais (RLTGG), derivado da Liquidación do exercicio 2025, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.

Cuarto: O detalle das aplicacións orzamentarias nas que se pretende dotar crédito específico mediante a tramitación deste expediente de modificación orzamentaria son as seguintes:

AG	Econ.	CI	OR	CD	SC 4/26	CD
1622	46300	177.266,00	176.754,70	511,30	92.291,69	92.802,99

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos suplementos





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concello delousame.com
concello delousame@concello delousame.com
C.I.F. P-1504300-c

de créditos, e o artigo 21 e 22 da Lei de bases do réxime local; este **Pleno Corporativo do Concello de Lousame, ACORDA:**

PRIMEIRO: A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **4/2026**, mediante a que se dotará crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de **92.291,69 €**:

Núm. expediente de MC por SC	4 / 2026
Importe da modificación orzamentaria	92.291,69 €
Tipo de financiamento	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais. 87000 / RLTGX
Aplicacións orzamentarias nas que se dota crédito específico e finalidade da modificación orzamentaria	1622.46300 Cancelación da débeda coa MCSB a 10/03/2026

SEGUNDO: Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo"

Lousame, na data da sinatura dixital.

O Alcalde, Esteban Ares García

